



BANDO

GERARDO SEOANE FIDALGO, Alcalde do Ilustrísimo Concello de Verín (Ourense), FAGO SABER:

Que con motivo da celebración da **concentración de MOTOS organizada polo Club Vila de Verín** que terá lugar no noso municipio durante os días 19, 20 e 21 de xuño, e co obxecto de garantir a correcta organización do devandito evento así como a seguridade viaria e persoal dos participantes e veciños,

COMUNICO :

PRIMEIRO.- RESTRICIÓN DO ESTACIONAMENTO. Prohíbese o estacionamento de toda clase de vehículos a motor (incluídos turismos, furgonetas, autocaravanas, e calquera outro non afecto á concentración de motos) **na totalidade do espazo destinado ao aparcadoiro da Preguiza durante os días 19, 20 e 21 de xuño.**

SEGUNDO. A restrición establecida terá lugar dende ás **8:30 horas do 19 de xuño** e manterase ata as **16:00 horas do 21 de xuño**, quedando o recinto reservado en exclusiva para o estacionamento das motocicletas inscritas ou participantes no evento.

TERCEIRO. Recoméndase aos condutores afectados que fagan uso das zonas de aparcamento alternativos habilitados polo Concello de Verín, así como as prazas situadas na vía pública non comprendidas no ámbito desta restrición, sinalizadas convenientemente para tal efecto.

Agradezo a vosa comprensión e colaboración para que este evento poida desenvolverse con normalidade e seguridade para todos.

O que fago público para xeral coñecemento

Verín, 16 de xuño de 2026

O Alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

